

¿SON UNIVERSAIS OS DEREITOS HUMANOS?

Francisco Puy*

Universidade de Santiago de Compostela

1

¿Son universais os dereitos humanos?

A pregunta colócame de entrada nunha aporía, pois encontro algunhas razóns que me permitirían contestar que os dereitos humanos *son* universais, xunto a algunhas outras que me invitarían máis ben a dicir que *non o son*. Ilustro sumariamente unhas e outras, e despois sopesarei os datos e as razóns involucradas na cuestión para tratar de chegar a unha resposta argumentada.

2.1

Repaso mentalmente a *historia universal* que coñezo e non atopo ningún grupo social que careza de dereito, nin ningún dereito que careza dun feixe de dereitos subxectivos atribuídos a todos os membros do grupo sen excepción e, por isto, protexidos por tabús e ritos cualificados: o que me obrigou a afirmar moitas veces que os dereitos non son un invento moderno, senón que existiron sempre, desde que se ten conciencia do dereito, a xustiza e a lei. Todo o cal significa que *os dereitos son universais no tempo*.

Pero tamén encontro na mesma historia que, así a expresión verbal dereitos humanos, como a conciencia reflexiva deles como institución, non existen ata o último tercio do século XVIII en ningunha cultura, e que despois desa data van entrando lentamente en diversas culturas... pero tamén van saíndo ás veces, lamentablemente, dalgunhas delas. O que me invita a concluir que *os dereitos non son universais no tempo*.

* Catedrático de Filosofía do Dereito

Por outro lado, se prescindindo da historia e contemplo mentalmente o ancho mundo, ata onde o coñezo, é dicir, se me quedo no presente, vexo que, á altura do meu tempo existen tribunais de dereitos de xurisdicción planetaria; normativa dos dereitos de vixencia planetaria; institucionalización dos dereitos con implantación planetaria; e xurisprudencia doutrinal dos dereitos planetariamente desenvolta. Agora ben, eses catro feitos entrelazados invítanme a concluír que *os dereitos son universais no espacio*.

Agora ben, nunha segunda lectura deses feitos podoo advertir que a xurisdicción dos tribunais de dereitos humanos encontra moitos territorios en veda; que a normativa androdikea non é uniforme nin sequera nas xeneralidades declarativas ou tipificadoras; que a institucionalización normalizada dos dereitos só ocorre de veras en parte do mundo euroamericano; e que a xurisprudencia dos dereitos mantén nos seus contidos doutriniais discrepancias clamorosas de autor a autor, de escola a escola, de país a país. E todas esas constatacións máis ben me inducen a *negar* que *os dereitos sexan universais no espacio*.

Finalmente, escoito, ata onde chega o meu oído, a voz da opinión pública que me manda mensaxes desde todas as latitudes, e percibo a convicción xeneralizada no noso ambiente (que eu mesmo contribuí a propagar nos meus escritos) de que os dereitos constitúen o espírito das leis, a alma dos ordenamentos, o principio que lles infunde vida, se está presente, e que os deixa mortos ou inertes cando está ausente deles. Esa convicción exprésao eu dicindo que *os dereitos son o dereito natural*. Outros explicana dicindo que *os dereitos son a ética pública*, ou a *tópica indiscutida*, ou a *ideoloxía universal*, ou *o único código xurídico común do noso tempo*. O cal equivale a dicir que *os dereitos son universais*.

Si, pero tamén percibo na propia opinión pública actual as reticencias que encontra a idea iusnaturalista, ben expresada de fronte, ben matizada baixo outras expresións como as indicadas; e sinto refluír tales reticencias contra os dereitos, convertidas en críticas deles, ás veces ferozes; e penso que todo isto, e aínda a mesma necesidade de acudir a unha gama tan matizada e diverxente de expresións está suxerindo que a universalidade emocional ou psicolóxica dos dereitos se reviste cunhas fórmulas tan dificilmente encaixables cunha posible universalidade, que máis ben parece que *os dereitos non son universais nin sequera na opinión pública*.

Hai, pois, moitos indicios que moven a pensar, nunha primeira consideración, que *os dereitos son universais*. Pero a análise de todos eles permite comprobar, case sempre de seguida, que tamén hai moitos outros indicios que, nunha segunda consideración, moven a pensar que *os dereitos non son universais*.

2.2

Visto o visto, unha segunda consideración invítame a analizar a pregunta mesma, non sexa que estea mal formulada ou que poida tratarse, incluso, dunha falsa cuestión. Cando nos planteamos a interrogante *¿son universais os dereitos humanos?*, ¿de que *dereitos* falamos? Esta pregunta á súa vez descomponse en dúas, pois pode preguntar pola definición dos dereitos ou pola súa enumeración. Ben, pois comecemos pola definición.

Aínda sendo asunto inevitablemente debatido, a definición dos dereitos alcanza hoxe cotas de consenso suficientes. *Adoitamosos todos os técnicos chamar dereitos humanos a aqueles dereitos individuais que todos os seres humanos, un a un, nos tenemos que recoñecer a nós mesmos dentro dos sistemas xurídicos normativos positivos que nos afectan como obrigados, porque todos, un a un, aceptamos que son condicións de supervivencia individual e do grupo con un mínimo de vitalidade material e de dignidade moral*. O que di esa noción posúe universalidade forte, é dicir, lóxica. Pero remite á realidade factual, tanto á ontolóxica coma á deontolóxica. Fíxome nunha e outra.

En canto á realidade lóxica, xa comprobei o mal que soporta a universalidade. E en canto á realidade deontolóxica, pódese ver en seguida que tampouco a acepta. Un mundo esencialmente pluralista e multicultural como o actual alberga moitas culturas que miran os dereitos como cousa allea, e que reaccionan variopintamente: aceptándoos con resignación, pasando de largo xunto a eles, ou incluso combaténdoos (culturas fundamentalistas, como p. e. a musulmana, que ocupa unha cuarta parte da superficie planetaria). Representantes do terceiro mundo (ou do sur) suficientemente adoutrinados para poder entender o que nós, os do primeiro, (ou do norte) queremos dicir cando invocamos os dereitos, e pretendemos impoñérllos (incluso con intervencións armadas), e para poder trasmitirnos a súa disconformidade e reprobación, repetíronnos xa varias veces solemnemente que os dereitos son unha nova fórmula do imperialismo euro-americano occidental, e que non

temos ningún dereito para supoñer que poida ser bo para eles todo e só o que consideramos bo para nós (e menos aínda a impoñerllo á brava).

Miro entón na outra dirección. Despois de todo o que levo constatado paréceme difícil imaxinar que se poida confeccionar de feito unha lista de dereitos que sexa aceptable universalmente. Agora ben, o caso é que sei que hai moitas listas xa feitas. Hai que reconsiderar os dous datos, entón.

Hai listas de dereitos cualificadas de universais (planetarias ou rexionais), pero tampouco ignoro que foron dadas a luz entre dores de parto sen anestesia. Non é estraño. Supoñamos que formo un grupo de traballo cun pescador amazónico animista, un agricultor chinés confuciano, un cameleiro saharauí mahometano, un camioneiro norteamericano cristián, e un avogado europeo agnóstico, e que lles encargo que confeccionen a lista das reclamacións consideradas vitais en que todos eles coincidan. Non imaxino que poidan chegar a coincidir en ningunha, aínda que dispoñan de tempo. Imaxino moi ben, en cambio, que, se agrando ese grupo ideal de comunicación con outros participantes afíns, como p. e. as respectivas esposas, sogros e fillos, as dificultades para o consenso aumentarán exponencialmente. Así é que non me resulta imaxinable que os membros dun grupo de amplitude suficiente para permitirme atribuírle unha representación dotada dunha certa universalidade espacial, ou xeográfica, ou cultural dos dereitos poida chegar a alcanzar un consenso sobre unha lista de dereitos humanos. En cambio, si imaxino con toda facilidade que esa mesma imposibilidade actual constituíu e constituíe unha lei de ferro vixente ó longo da historia e da prehistoria. Non é fácil imaxinar, non digo xa a todos os homes, senón tan só a un grupo medianamente numeroso deles, coincidindo na lista das cousas e facultades cun uso e goce que consideraran indispensables para sobrevivir, sen padecer fame (ou sexa, gozando de mantenzas) e sen padecer envexa (ou sexa, gozando de dignidade).

Agora ben, dixen, e repito, que de feito hai listas nas que se logrou un consenso, aínda que cada un o prestase por razóns distintas. Basta recordar as coñecidas declaracións, cartas, convenios, recomendacións, etc. que foron logrando ó longo do século XX institucións como a Organización Internacional do Traballo, a Organización das Nacións Unidas, a Organización de Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, a Organización Mundial da Saúde, a Organización de Estados Americanos, o Consello de Europa, a Unión Europea, a Organización para a Unidade Africana, etc., amén das Constitucións de tantos e tantos estados democráticos... Iso é certo, pero ¿transcende-

ron eses acordos máis alá das relativamente escasas poboacións e territorios dos estados que ratificaron eses convenios e mantiveron en vigor tal ratificación?

Parece moi difícil dar sentido á tese da universalidade dos dereitos no plano horizontal do espacio, no plano vertical do tempo, e no plano inclinado da opinión cultural. Así é que comezo por terceira vez a análise da cuestión, estudando a pregunta orixinaria pola súa primeira expresión.

2.3

¿A que clase de universalidade se refire a interrogante son universais os dereitos humanos?

En virtude do xa argumentado, podo establecer que a pregunta non se refire á universalidade temporal, é dicir, ós seres humanos de todos os tempos. Nin tampouco á espacial: é dicir que non se refire ós seres humanos de todos os pobos, estados ou rexións. Nin tampouco á universalidade cultural: ou sexa, que non mira a todas as vivencias e sentimentos culturais. A única saída que vexo á aporía é que esteamos falando dunha universalidade racional, ideolóxica ou deontolóxica. Os dereitos humanos refírense entón ós seres humanos como idea, pero non a ningún real e concreto. ¿É aceptable como universo no discurso androdikeo ese universo que parece tan universalmente racional e abstracto, pero é tan particularmente occidental no cultural, tan virxiniano ou francés no xeográfico espacial, e tan ilustrado no cronolóxico?

Pode ser que si, xa que *universo* é un concepto relativo, co que se explica que un conxunto de cousas, non importa cáles nin cántas, que antes se encontraban dislocadas formando *pluriverso* porque miraban cada unha para un lado, despois foron ordenadas facéndoas mirar ou converxer todas cara a un punto. Así que *un universo é un conxunto de todas as cousas que cumpren unha condición ordenatriz.*

Agora ben, a condición ordenatriz buscada só pode constar na noción dos dereitos máis comunmente aceptada que adiantei antes. Adoitamos *todos os técnicos chamar dereitos humanos a aqueles dereitos individuais que todos os seres humanos, un a un, nos temos que recoñecer a nós mesmos dentro dos sistemas xurídicos normativos positivos que nos afectan como obrigados,*

porque todos un a un aceptamos que son condicións de supervivencia individual e do grupo cun mínimo de vitalidade material e de dignidade moral.

Chegado aquí debo supoñer que os dereitos subxectivos son innumerables, é dicir, pluriverso caótico; pero que cabe peneiralos coa criba da súa necesidade para a supervivencia con dignidade, co que os ordenamos nun universo; e que repetindo esa operación en cada ordenamento xurídico actual, pasado ou futuro, se terá a lista dos dereitos humanos realmente universais.

Ben, pois xa se viu que a condición só se cumpre, como sabemos, desde finais do século XVIII nuns poucos casos; e, á altura do noso tempo, nalgúns casos máis: pero ningún é planetario. Agora hai que avanzar un paso máis e confesar que esa universalidade non só non é, senón que ademais hai moitos individuos entre nós eurooccidentais, e moitos grupos culturais fóra de nós os eurooccidentais que pensan que así debe ser. Ou dito máis sinxelamente: que os dereitos humanos deben ser particulares e non universais. *Constato*, polo tanto, o feito: *os dereitos humanos nin figuran en normas internacionais, constitucionais ou estatutarias que sexan dereito positivo en todos os países do planeta, e existen millóns de seres humanos e ducias de sistemas culturais que non desexan que esa situación se produza, porque pensan que eso non debe ser.* De modo que moitos firman declaracións e convenios internacionais e promulgan constitucións declarativas de dereitos humanos, para contentarnos ós occidentais, pero sen o menor ánimo de cumprir algo que lles parece un mero adorno retórico, cando non algo realmente intolerable. E desa constatación *conclúo que ese feito impide afirmar como ser e como deber ser tamén a universalidade dos dereitos.*

Finalmente, engado que, ó meu modo de ver, esa tese non carece de fundamento. Eu opino tamén que o que ocorre vai seguir ocorrendo porque debe seguir ocorrendo, posto que, na expresión pascaliana, o dereito, a lei e a xustiza son sempre «unha ó norte e outra ó sur do Bidasoa». Digo, polo tanto, que aínda que, contra as miñas torpes previsións, chegara a ocorrer que algúns convenios internacionais lograran estar vixentes en todos os países da terra, e que todos os estados da terra chegaran a estar dotados de constitucións cos seus correspondentes partes declarativas de dereitos: aínda nese suposto, os dereitos non serían realmente universais, porque «teoricamente» *é constitutivo do dereito, a xustiza e a lei, o manar de fontes locais e o ser plurais e diferentes*

Os dereitos, polo tanto, só son universais en sentido relativo e débil, é dicir, para universos moi reducidos; en realidade, só o son para o universo que forman hoxe en día os estados integrados na Unión Europea e moi poucos máis. Nese ámbito (que é o meu, e induzo que o dos meus lectores) sono. Pero non en ningún outro.

En conclusión: Para todos os seres humanos, os dereitos humanos só poden ser universais en sentido débil, e aínda moi débil: afectan só a uns poucos grupos de seres humanos e por un pouco de tempo. Agora ben, para os seres humanos incluídos neses grupos, é dicir, para nós, sono en sentido forte e pleno: impoñennolos as nosas leis, sanciónannolos os nosos xuíces, garántennolos as nosas institucións, e ensinanolos e difundeos a nosa xurisprudencia. E non podemos excusar o seu respecto e observancia porque outros non o fagan. Cada ser humano ten os seus deberes.

3

Manteño pois, que os dereitos humanos non poden ser considerados universais no sentido forte da expresión. Ó dicir iso refirome ás catro dimensións fortes da experiencia xurídica; ou sexa, a uns dereitos humanos: a) Recoñecidos por todos os individuos vivos, ou sexa, universais na lonxitude persoal de todos os homes e mulleres actuais (primeira dimensión). b) Recoñecidos en todas as xeografías, ou sexa, universais na latitude de todos os territorios do mundo (segunda dimensión). c) Recoñecidos en todos os tempos, ou sexa universais ó longo de toda a historia, polo menos desde que por primeira vez aparecen nela (terceira dimensión). d) E aceptados por todas as culturas, ou sexa universais no recoñecemento verbal, icónico e científico (cuarta dimensión). Todo iso, nin foi, nin é, nin pode chegar a ser. Na práctica, unha gran parte de habitantes do planeta non os pode nin sequera imaxinar así; porque o privilexio de poder imaxinalos así é só noso, dos occidentais de raíz xudeucristiá (nin siquiera os de raíz islámica os aceptan así). E na teoría, *a razón última que explica esa lei práctica estriba na natureza local do dereito, a xustiza e a lei, a cal imposibilita a simultánea vixencia de idénticos dereitos, xustizas e leis no planeta*. De onde se segue unha conclusión teórica e outra práctica.

A conclusión teórica desta meditación é que *a universalidade teórica dos dereitos humanos é unha ficción que ten valor metodolóxico e só iso*. Como o contrato social (a súa idea xemelga), constitúen só unha idea reguladora, útil

para algúns universos humanos menores, pero non para o universo humano pleno: porque se trata dunha utopía e unha ucronía que, como realidade, nunca tivo lugar, nin ten agora lugar, nin pode chegar a ter lugar.

A conclusión práctica é que para nós, os habitantes do mundo euro-occidental do ano 2000 e seguintes ata alomenos polo prazo dunha xeración humana, os dereitos son unha idea reguladora aceptada no noso universo que nos convén apoiar e defender; e que non nos interesa para nada romper ou debilitar; pois é unha das poucas ideas forza que nos reportou máis utilidades ca danos, na nosa convivencia interior; e que nos permiten seguir patroneando o mundo.

E por certo que, da conxunción das dúas conclusións anteriores nace a explicación da paradoxa que adorna ós dereitos humanos, na provincia do dereito, igual cá democracia na provincia da política: que son un sistema malo, pero ó que non se lle encontra alternativa mellor.